

Obradoiro: IDEAS COOPERATIVAS EN ACCIÓN | AVANZADO

[En colaboración coa Rede Eusumo]

DATAS REALIZACIÓN	Do 23 de febreiro ao 22 de marzo	DURACIÓN	40 horas
HORARIO	Celebraranse tres sesións virtuais de aprendizaxe: os días 24 de febreiro e 18 de marzo en horario de 11:00 a 12:00hs e o día 10 de marzo en horario de 16:30 a 18:00hs. A persoa titora estará dispoñible no seguinte horario: luns e mércores de 16:30h a 18:00hs, os martes, xoves e venres de 11:00 a 12:30hs.		
LUGAR CELEBRACIÓN	Plataforma de teleformación da Unión de Cooperativas Espazocoop http://aulaespazocoop.com		
PERSONA DE CONTACTO	Patane García Méndez	teléfono	881 887 456 / 697 877 773
		e-mail	patane@espazo.coop

PARA INSCRIBIRSE PREMA AQUÍ

OBXECTIVOS

- Mostrar desde o punto de vista práctico as condicións e pasos a dar para emprender baixo a fórmula cooperativa.
- Coñecer que debemos analizar e ter en conta para facer da nosa idea un proxecto cooperativo viable.
- Elaborar conxuntamente o prototipo do noso proxecto.
- Avaliar requisitos e compromisos como grupo promotor, tarefas a desenvolver, calendario de actuacións.

PROGRAMA E CONTIDOS

1. Presentación

- 1.1 Coñece ás cooperativas:
- 1.2 Coñece a Economía Social

2. Como se traballa nunha cooperativa. Condicións básicas.

- 2.1 Que é unha cooperativa

3. Prototipa a túa idea de negocio cooperativo. (CANVAS)

- 3.1 O equipo e as persoas
- 3.2 A idea
- 3.3 Madura a túa idea cooperativa
- 3.4 Responsabilidade Social da túa idea

4. Estudia a viabilidade económica e financeira

- 4.1 Analiza a área económico financeira:

5. Organización da cooperativa

- 5.1 Organigrama Cooperativo
- 5.2 Competencias da Asemblea
- 5.3 Organización Societaria e do traballo

6. Elaboración Plan de empresa e Constitución (CONSOLIDAES)

- 6.1 Descrición Xeral do Proxecto
- 6.2 Estudo de Mercado
- 6.3 Plan de Mercadotecnia
- 6.4 Plan de Produción
- 6.5 Plan de Recursos Humanos
- 6.6 Forma xurídica
- 6.7 Plan económico - financeiro

METODOLOXÍA

Activa e participativa. O alumnado terá ao seu dispor, na plataforma de teleformación, os materiais do curso para o seu estudo, amais de material complementario que se lles fará chegar a través do foro do curso. Realizaranse tres sesións virtuais de aprendizaxe coas que reforzar, de xeito síncrono, a relación e traballo colaborativo. As tarefas dispostas na plataforma servirán para facer unha avaliación do aproveitamento do alumnado participante. As canles de comunicación entre o equipo titorial e o alumnado será: o servizo de foros e mensaxería interna da plataforma, o correo electrónico, o telefono e a sala de videoconferencias do curso para a realización das titorías virtuais e as sesións virtuais de aprendizaxe. As persoas que non poidan participar nas sesións virtuais de aprendizaxe terán que realizar unha actividade complementaria para completar o curso.

DIRIXIDO A

Persoas emprendedoras interesadas no autoemprego cooperativo; persoas cunha idea de negocio que queren avaliar a opción cooperativa e axentes intermedios que asesoran proxectos cooperativos. **Composición do grupo:** mínimo 10 persoas e máximo 20.